

Formación comercial: coopera, comunica e vende

[En colaboración coa Rede Eusumo e o Programa EFESO do FSE+]

DATAS REALIZACIÓN	Do 11 ao 27 de setembro de 2024	MODALIDADE E DURACIÓN	Teleformación 25 horas
HORARIO	Haberá 2 sesións virtuais en horario de mañá a través de www.aulaespazocoop.com		
LUGAR CELEBRACIÓN	A través da Aula Virtual de EspazoCoop: www.aulaespazocoop.com		
PERSOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	TELÉFONO	697877773
		E-MAIL	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRTE [PREME AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Capacitar en habilidades para a xestión comercial das cooperativas.
- Coñecer a situación dos procedementos e sistemas de comercialización das cooperativas participantes.
- Dar a coñecer ferramentas e habilidades que permitan a mellora dos procedementos e sistemas de comercialización.
- Potenciar o coñecemento mutuo e intercambio de experiencias, no eido comercial.

PROGRAMA E CONTIDOS

- Diagnose e concreción de melloras nos procedementos e sistemas de comercialización das cooperativas.
- A proposta de valor: preguntas chave:
- Deseño de estratexias comerciais de alto impacto perante os novos consumidores.
- Divulgación e posta en práctica de habilidades e ferramentas operativas para a mellora dos procesos e estratexias de comercialización das cooperativas.
- Habilidades e estratexias de comunicación chave. Técnicas e procesos de negociación.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo, coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación. Cada curso terá dúas sesións virtuais de aprendizaxe que complementan os contidos do curso.

DIRIXIDO A

Persoas socias e asalariadas das cooperativas que teñan funcións e/ou responsabilidades na área comercial ou que estean interesadas en desenvolver as súas capacidades para asumilas. E persoas de grupos promotores que estean a traballar na elaboración do plan de viabilidade do proxecto, do que forma parte a área comercial. Darase prioridade á participación das mulleres socias de cooperativas, ás persoas mozas e ás persoas socias de cooperativas radicadas no medio rural. Composición do grupo: mínimo 10 e máximo 20 persoas.



Este programa enmárcase:

- No programa de actuación 2023-2024 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social.
- Programa de Empleo, Formación, Educación y Economía Social, EFESO, cofinanciado por el Fondo Social Europeo Plus para el periodo 2021-2027, a través del organismo intermedio CEPES.